



Outra ves,... Esto foi certo, eh. Esas son cousas dos vellos. Outra ves, cando era pequeniña, sería como esta miña netiña, aínda non sei se sería eu un pouquiño máis ghrande. Tiñamos un tío segho, era moi seghiño, e él tiña historias. Andaba o pobriño... E vai e eu tiña unha avoa, a avoa de lá de riba detrás das costas, e veu e dixo:

- “Selistra, se me deixaras vir un rapasiño muller, conmigho, por aí, vender historias”.

Tiña un burriño, era unha burra, e eu era moi ghuapa, aínda son hoxe, por ghuapa xa me escolliu. E decíalle eu:

-“Eu non vou, aí eu non vou Dios mío, aí eu non vou”.

-“Vas miña filliña vas” desía miña avoa. “Vas miña filliña vai vas”.

E levaba así un montón de historias bárbaras. Él quería ir de...do cabalo, eu a burra que lle fose chamando, a burra era eu e que lle fose chamando a outra burra. Vai e fomos e díxome:

-“Ves de aquí a Olveira, filliña, nada máis. E ves.”

E fomos a Olveira. De Olveira pasoume a Ponte Olveira (de onde é a maestra desta de Raghacho). E aínda había un pedaso de sol, ra no vran, e dixo:

-“Miña filliña, vamos pasar a Choupana.”

E eu choraba, vaia por Dios que era coma este, pequerrechiña.

- “Ven miña filliña ven, ven que che levo a cabalo”.

E íbamos a cabalo, o ceghiño ía chamando pero non vía e despois fasían risa de min e decíanlle ao ceguiño:

-“Vaia por dios oh, esa criaturiña a andar e ti sempre a cabalo, e ti siempre a cabalo.”

Eu iba. Chegamos a un sitio que se chaman a Choupana e anoitesiuonos. Pedía pousada aquí e pedía pousada alí, pos nincún nos daba pousadiña e chegamos e había unha taberna e díxolle meu tío:

-“Ai Dios mío, se nos deras pousadiña eu..., esta rapasiña chora”.

- “E nos pousadiña dábamoslla pero... vós aínda cabés pero a burra...”



E decía él:

- “A miña burriña...”

Era pequeniña, pouco máis alsaba desta mesa.

- “E a burra entre as bodeghas, na bodegha entre dúas pipas e recousamonos alí eu e maila rapasiña e a burriña tamén cabe alí.”

E aló de nuite a condenada esta da burra, sabe o que fixo? Empesou:

- “Ou, ou, ou,...” (orneos) Pero seghido, seghido, seghido.

E doullo demo que arrañase e rañouse nunha hebilla daquelas dun barril... o viño a rodar. Tiña unha ventana, a ventana era máis alta que esa aí por riba. O pobriño choraba e eu xa non ... O pobriño choraba e viña viño, o viño xa me cheghaba así. Ai Dios mío... Tíñamoslle que pagar o viño e a burra e mailas historias e mailos cartos non cheghaban pa paghala burra, pa paghalo viño. Fui o seghiño e díxome:

- “Miña filliña apalpa pa riba, miña filliña a ver se podemos ghatear pola ventana. Mira miña filliña a ver se podemos ghatear.”

Eu non dei ghateado pero o pobriño do vello, turreille así polas perniñas pa riba, el turrou e houbo que saír pola ventana pra fóra, con tantos traballiños coma as bichas.

Aí o probiño do home dounola pousada e perdíu o viño e máis como nós fixemos para romper a ventana, rompémosllos os cristales, salimos pola ventana eu e mailo vello, ghateamos pa riba, pra ghatear pa riba cunha caballería fai falta muito salero.

- E onde deixastela burra?

Ai, á burra érgholle o rabo  
e daslle un bico en el culo  
que eu non fun criada  
de cegho nincuno.